



Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

MOCIÓN PARA CONSEGUIR QUE A RÚA PINTOR URBANO LUGRÍS TEÑA SAÍDA Á VILA DE NEGREIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En numerosos plenos criticamos a nefasta reordenación do tráfico en moitas das rúas do noso concello, pois pensamos que esa mala reordenación do tráfico, xunto ao constante paso de tráfico pesado por numerosas rúas de Carballo, levan a que se produza un caos circulatorio no noso casco urbano, o cal evidencia que non se poden tomar decisións sobre a peatonalización sen un estudo previo.

Para Terra Galega, unha das medidas que contribuiría a mellorar o caos circulatorio existente no noso casco urbano, pasa por executar novas vías. A máis prioritaria é a que une a Vila de Negreira coa Igrexa de Bértoa, pero existen outras que requiren de menor inversión, e que tamén contribuirían a paliar, en certa medida, dito problema. Un claro exemplo, pensamos que é conseguir que a r/ Pintor Urbano Lugrís conecte coa Vila de Negreira.

En virtude de todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega, solicita ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Executar a conexión da r/ Pintor Urbano Lugrís coa Vila de Negreira. Dita actuación aparece recollida no PXOM, e tal como se pode ver nas fotos que adxuntamos, xa está practicamente feita. Polo tanto, non require dunha gran inversión.

Carballo a, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira

Voceira do Grupo Municipal de Terra Ga

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

TERREO A NEGOCIAR □
TERREO CEDIDO ■











